



Concello de Vilalba

BASES DE INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN NA VII CARREIRA-ANDAINA “SAN SILVESTRE VILALBESA” 2022.

Art. 1.- OBXETO.

Establecer as bases de inscrición e regras de participación nas probas da VII Carreira-Andaina “San Silvestre Vilalbesa” que organiza O Concello de Vilalba.

O evento terá unha duración aproximada de 3 horas, dende as 15:30 ata as 18:30 horas do sábado 31 de decembro de 2022 e comezará coas carreiras dos máis pequenos sobre as 16:30 horas aproximadamente.

A proba celébrase no núcleo urbán por distintas rúas de Vilalba según os roteiros do anexo, sendo a saída e chegada a Praza da Constitución.

A organización cumprirá todas as medidas que as autoridades deportivas ou sanitarias podan adoptar fronte á Covid19 ou calquer outro imprevisto.

Art. 2.- CATEGORÍAS.

As categorías, clasificacións e distancias a percorrer son as que se relacionan a continuación:

- Categoría **pitufos e pitufas**: proba participativa mixta, nados entre 2019-2017, **150** metros.
- Categoría **sub 7**: proba participativa mixta, nados entre 2016-2015, **300** metros.
- Categoría **sub 10**: proba participativa mixta, nados entre 2014-2012, **900** metros.
- Categoría **sub 13**: proba participativa mixta, nados entre 2011-2009, **1.800** metros.
- **Andaina**: proba participativa mixta, sen límite de idade, **2.5000** metros aproximadamente.
- Categoría **Absoluta**: clasificación masculina e feminina, nados no 2008 e anteriores, **5.250** metros aproximadamente. Cronometraxe con chip e listados de resultados.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: 7QC7DLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



Concello de Vilalba

Art. 3.- INSCRIPCIÓN.

As inscricións **de balde** para todas as probas serán dende o **16** ata o **26 de decembro as 20:00 horas** na web: championchipnorte.com, podendo participar calquera persoa correctamente rexistrada na categoría correspondente según a súa idade.

Non se aceptan inscricións por teléfono, correo electrónico ou presencial.

Art. 4.- HORARIO DAS PROBAS.

As carreiras de menores terán carácter participativo.

- 16:30 - **pitufos e pitufas.**
- 16:40 - **sub 7.**
- 16:50 - **sub 10.**
- 17:05 - **sub 13.**

A carreira absoluta será competitiva, con cronometraxe e resultados por categorías masculina e feminina.

- 17:30 - **Absoluta e Andaina**

Art. 5.- RECOLLIDA DE DORSAIS.

Na oficina de cultura e deportes no 2º andar da Casa Consistorial, o 30 de decembro en horario de 9:00 a 14:00 horas.

O propio día do evento, sábado 31 de decembro na praza da Constitución a partir das 15:00 horas.

Art. 6.- DESENROLO DAS PROBAS

Coa finalidade de facer que o evento sexa o máis festivo posible para despedir o ano, tódolos participantes poden asistir disfrazados.

En tódalas carreiras de menores, non está permitido que os pais, nais ou titores dos nenos e nenas corran á súa beira.

Na Andaina ao non existir límite de idade poden participar dende recén nados no seu carro e a súa familia, ata os máis maiores. Tamén poden participar donos coa súa

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: 7QCTDLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



Concello de Vilalba

mascota sempre e cando, a mascota, leve o material idóneo para a seguridade dos participantes e do evento en si. Na andaina poden participar todos os participantes das categorías menores, non sendo necesaria a adquisición dun novo dorsal para a andaina.

Art. 7.- PREMIOS.

Art. 7.1.- CARREIRAS MENORES

Medallas para todos os participantes (entrega á chegada dos deportistas á meta).

Art. 7.2.- CATEGORÍA ABSOLUTA

Trofeo para o 1º, 2º e 3º clasificado/a na categoría masculina e feminina.

Art. 7.3.- PREMIOS PARTICIPACIÓN

Todos os participantes con DORSAL poderán degustar un chocolate con churros na Praza da Constitución. Imprescindible presentar o dorsal para a degustación.

Art. 8.- RESPONSABILIDADE.

No momento da inscrición, o participante ou o seu representante, manifesta atoparse físicamente apto para percorrer a súa distancia. A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco do participante no que respecta ao seu estado de saúde, sendo o único responsable de cumprir coa normativa Covid no lugar de realización do evento, en caso de habelo. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, ou derivar deles a terceiros.

Os participantes contarán cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obligatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as carreiras, os participantes deben poñelo inmediatamente en coñecemento da organización ou dos servizos de asistencia sanitaria presentes no evento para tramitar o correspondente parte de accidentes.

Art. 9.- MODIFICACIÓN DAS BASES.

A organización resérvase o dereito de modificar as presentes bases e de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada nestas bases.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: 7QCTDLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



Concello de Vilalba


Art. 10.- ACEPTACIÓN DAS BASES DE PARTICIPACIÓN NAS CARREIRAS

A inscrición e participación na VII Carreira-Andaina "San Silvestre Vilalbesa" 2022 supón a aceptación das normas.

ANEXO. ROTEIROS POR CATEGORÍA

CARREIRAS 1 e 2

- Categoría Pitufos (2019-2017) 150 m.
- Categoría Sub 7 (2016-2015) 300 m. ida e volta.



Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815




Cod. Validación: 7QCTDLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



Concello de Vilalba

CARREIRAS 3 e 4

- Categoría Sub 10 (2014-2012) 900 m.
- Categoría Sub 13 (2011-2009) 1.800 m. (x2 voltas)



Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815




Cod. Validación: 7QC7DLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPúblico | Páxina 5 a 7



Concello de Vilalba

CARREIRA 5

- Categoría Absoluta (2008 e anteriores) 5.250 m. aproximadamente (x2 voltas).



Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cod. Validación: 7QCTDLAQD34ZQR67AF7GXDQXL | Corrección: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7



- Categoría Andaina (sen límite de idade), 2.500 m.



Documento asinado dixitalmente á marxe

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815

